

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BOIRO

Aprobación definitiva da ordenanza de circulación do Concello de Boiro

ANUNCIO

O Pleno do Concello de Boiro, en sesión ordinaria celebrada o 22 de decembro de 2023, acordou aprobar inicialmente a ordenanza de circulación do Concello de Boiro. De conformidade co previsto no artigo 49.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, abriuse un período de información pública por espazo de 30 días para a presentación de reclamacións e suxerencias, mediante anuncio publicado o 2 de xaneiro de 2024 no BOP. Transcorrido o prazo sen que existan reclamacións ou alegacións pendentes de someter a consideración plenaria, enténdese definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

Contra esta disposición de carácter xeral cabe recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da publicación do presente Regulamento no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña (artigos 10.1.b e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-administrativa)

Texto íntegro:

ORDENANZA DE CIRCULACIÓN – CONCELLO DE BOIRO

TÍTULO PRELIMINAR

- Artigo 1º. Obxecto e ámbito de aplicación.
- Artigo 2º. Normas complementarias e subsidiarias.
- Artigo 3º. Conceptos básicos.

TÍTULO I. COMPETENCIAS

- Artigo 4º. Competencia municipal.
- Artigo 5º. Sinalización.
- Artigo 6º. Estacionamentos.
- Artigo 7º. Ordenación dos estacionamentos.

TÍTULO II. ZONAS DE ESTACIONAMENTO REGULADO

- Artigo 8º. Motivación do servizo público.
- Artigo 9º. Utilización das zonas de estacionamento regulado.
- Artigo 10º. Infraccións específicas nas zonas de estacionamento regulado.
- Artigo 11º. Medidas cautelares nas zonas de estacionamento regulado.

TÍTULO III. RESERVAS DE ESPAZO PÚBLICO

- Artigo 12º. Reservas para persoas con mobilidade reducida.
- Artigo 13º. Reservas para carga e descarga.
- Artigo 14º. Vaos permanentes e temporais.
- Artigo 15º. Paradas de transporte público.

TÍTULO IV. PROHIBICIÓNS E RESTRICIÓN CIRCULATORIAS

- Artigo 16º. Actividades que afectan á seguridade viaria. Velocidade en vías urbanas.
- Artigo 17º. Medidas circulatorias especiais.

TÍTULO V. REGULACIÓNS ESPECIFICAS

- Artigo 18º. Zonas peonís.
- Artigo 19º. Tarxetas de residentes.
- Artigo 20º. Condicións para a obtención da tarxeta de residente.
- Artigo 21º. Ocupacións xenéricas da vía pública.
- Artigo 22º. Ocupacións específicas con colectores e similares.
- Artigo 23º. Normas de circulación de bicicletas, patinetes e semellantes. Os VMP

Artigo 24°. Limitacións á circulación de vehículos de grandes dimensións.

Artigo 25°. Usos prohibidos nas vías públicas.

Artigo 26°. Obras, instalacións, actuacións e publicidade.

Artigo 27°. Revisión de oficio das autorizacións concedidas.

TÍTULO VI. PROCEDEMENTO SANCIONADOR

Artigo 28°. Infraccións.

Artigo 29°. Sancións.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA. Entrada en vigor.

ANEXO I. RÚAS E ESPAZOS PEONÍS.

ANEXO II. ZONAS DE ESTACIONAMENTO REGULADO.

TÍTULO PRELIMINAR

Artigo 1°. Obxecto e ámbito de aplicación.

De conformidade co disposto no artigo 25 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL) e nas disposicións contidas no Real Decreto Legislativo 6/2015, do 30 de outubro, polo que se aprobou o Texto Articulado da Lei de Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Viaria (LTSV), dítase esta ordenanza que ten por obxecto regular a circulación nas vías e terreos aptos para a circulación, tanto públicos como privados de uso público dentro do termo municipal do Concello de Boiro e especialmente a regulación do estacionamento e ocupacións da vía pública, en base ao disposto no artigo 7 do Real Decreto Legislativo 6/2015, do 30 de outubro, polo que se aprobou o Texto Articulado da Lei de Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Viaria, en adiante LTSV.

Artigo 2°. Normas complementarias e subsidiarias.

Naquelas materias non reguladas expresamente por esta Ordenanza e os seus anexos, aplicaranse complementaria e subsidiariamente a LTSV, os regulamentos que a desenvolven e demais normas de carácter xeral.

Artigo 3°. Conceptos básicos.

Para os efectos desta Ordenanza e normas complementarias, os conceptos básicos sobre vías públicas, vehículos, sinais, usuarios e outros, serán os indicados no Anexo I da LTSV.

TÍTULO I. COMPETENCIAS

Artigo 4°. Competencia Municipal.

Corresponderán ao Concello de Boiro, entre outras, as seguintes competencias, que serán exercidas polo Ilmo. Sr. Alcalde ou Concelleiro Delegado, nos casos nos que non se atribúan expresamente a outros órganos municipais:

a) A ordenación do tráfico nas vías urbanas da súa titularidade, a regulación, control e disciplina do tráfico nas vías do termo municipal así como a súa vixilancia por medio de axentes propios, a denuncia das infraccións que se cometan nas ditas vías, as medidas cautelares e a sanción das mesmas cando non estea expresamente atribuída a outra Administración.

b) A regulación mediante Ordenanza Municipal de Circulación dos usos das vías urbanas e do seu contorno, facendo compatible a equitativa distribución dos aparcadoiros entre todos os usuarios coa necesaria fluidez do tráfico rodado e co uso peonil das rúas, así como o establecemento de medidas de estacionamento limitado, co fin de garantir a rotación dos aparcadoiros, prestando especial atención as zonas comerciais e ás necesidades das persoas con discapacidade física que teñen reducida a súa mobilidade e que utilizan vehículos, co fin de favorecer a súa integración social.

c) A concreción, complementación e actualización da Ordenanza de Circulación, con anexos, mediante resolucións da Alcaldía.

d) A inmovilización e retirada dos vehículos nas vías do termo municipal, mediante acta, medios mecánicos ou retirada con guindastre e posterior traslado ao depósito municipal cando non estean provistos de título que habilite o estacionamento en zonas limitadas en tempo ou excedan o dobre do tempo autorizado conforme ao establecido nesta ordenanza, cando obstaculicen, dificulten a circulación ou supoñan un perigo para a seguridade viaria, cando se atopen incorrectamente aparcados ou por carecer de autorizacións administrativas, seguro obrigatorio, conducir excedendo os límites de presenza de alcohol ou drogas tóxicas no organismo, e nos demais supostos que se dispoña na normativa de tráfico e nesta ordenanza.

e) O peche de vías urbanas, así como os cambios de sentido e direccións, restricións e limitacións da circulación e estacionamento, ordenación e regulación de estacionamentos e circulación, cando sexa necesario.

f) A regulación das paradas e itinerarios do transporte urbano e interurbano, no termo municipal.

g) A regulación e restricións da circulación, parada e estacionamento dos transportes pesados, de obras, de servizos e perigosos, así como dos remolques, caravanas, auto-caravanas, vehículos-tenda, maquinaria e similares.

h) A regulación dos labores de carga e descarga e dos usos das zonas reservadas a tales efectos.

i) As limitacións e prohibicións da circulación de vehículos, do estacionamento e dos labores de cargas e descargas nas zonas peonís de carácter permanente ou temporal.

j) O establecemento das zonas peonís e zonas excluídas ao tráfico.

k) O control, autorizacións e prohibicións das ocupacións da vía pública e os cortes de tráfico parciais ou totais, de calquera clase ou por calquera circunstancia por particulares e outras administracións.

l) O establecemento de taxas polas ocupacións, cortes de tráfico e usos nas plataformas viarias dentro do termo municipal.

m) A autorización, control e disciplina das obras, instalacións ou actuacións, incluída a publicidade nas zonas de dominio público, de servidume ou de afección das estradas dentro do termo municipal.

n) A adopción de medidas cautelares e sancións de incautación de xoguets, aparellos, instrumentos, elementos, ou instalacións, incluídas as instalacións publicitarias.

As citadas competencias en canto a regulación do tráfico, vixilancia, control, disciplina viaria, requirimentos, denuncia de infraccións e adopción de medidas cautelares, serán exercidas directamente pola Policía Local no exercicio das súas funcións como axentes da autoridade encargados da vixilancia do tráfico.

Artigo 5º. Sinalización.

1.- A sinalización viaria vertical ou horizontal de todo tipo, incluídos conos, barreiras e balizas, permanente ou temporal (sen prexuízo das competencias en materia de tráfico atribuídas legalmente a outras administracións) nas vías e espazos públicos do termo municipal é competencia municipal, quedando terminantemente prohibida a realizada por particulares, entidades privadas ou públicas.

2.- En calquera caso a sinalización por obras, por circunstancias excepcionais ou de perigo precisará de previa autorización municipal, na que se determinarán as condicións que deben cumprirse, que será sometida a informe previo da Policía Local, ademais doutros informes que poidan considerarse necesarios.

3.- Sen prexuízo das infraccións e responsabilidade por tales motivos, os citados sinais e demais elementos serán inmediatamente retirados por quen os colocase ou a entidade a quen representen cando sexan requiridos para iso. Tamén poderán ser retirados directamente polos servizos municipais competentes, e os responsables aboarán a taxa orixinada segundo a Ordenanza Fiscal correspondente.

4.- Os sinais que estean segundo o sentido da circulación, nas entradas das zonas peonís, zonas azuis ou zonas de circulación restrinxida rexen en xeral para todos os seus respectivos perímetros.

5.- Os sinais portátiles colocados coa debida antelación e xeito adecuado teñen a mesma validez que as fixas, obrigando en todo caso a todos aqueles que circulen ou estacionen nas zonas afectadas polas mesmas. Esta obriga afectará a aqueles que entren na zona restrinxida posteriormente á colocación das mesmas.

6.- Os sinais, ordes ou requirimentos e indicacións dos axentes da Policía Local en aplicación directa desta ordenanza prevalecen sobre calquera outras, aínda que sexan contraditorias a outro tipo de sinais ou normas de circulación.

7.- Sen prexuízo do pagamento dos custos de reposición, prohíbese colocar, retirar ou mover sinais de todo tipo, incluído sinalización vertical e horizontal de vaos, conos, barreiras e balizas, así como causarlles danos ou deterioro.

8.- Para a tipificación da infracción e contía da sanción terase en conta, entre outras a intencionalidade, valor dos danos causados, e/ou os prexuízos e/ou perigos que causen ou puideran causarse á seguridade viaria.

Artigo 6º. Estacionamentos.

O estacionamento de vehículos rexerá polas seguintes normas:

1.- Os vehículos poderanse estacionar en cordón ou fila (paralelamente á beirarrúa); en batería, (perpendicularmente a beirarrúa); e en semi-batería (oblicuamente), de acordo cos sinais verticais ou marcas viarias que así o indiquen. Estacionar de xeito distinto ao sinalizado será denunciado como estacionamento incorrecto e prohibido. A norma xeral é que o estacionamento se fará en cordón ou fila, debendo sinalizarse os outros supostos.

2.- Nos estacionamentos con sinalización no pavimento, os vehículos colocaranse dentro do perímetro marcado. En calquera caso, sempre se estacionarán na dirección segundo o sentido da marcha. Nas vías de dobre sentido se estacionará no marxe dereito quedando prohibido estacionar no marxe esquerdo segundo o sentido da marcha. Estacionar fora do perímetro delimitado ou en sentido contrario ao estipulado será denunciado como estacionamento incorrecto e prohibido.

3.- Queda prohibido nas zonas urbanas do termo municipal o estacionamento de todo tipo de remolques. As caravanas e auto-caravanas, non poderán acampar fora das zonas habilitadas ó efecto, limitándose o seu estacionamento ós lugares onde as características e condicións da vía llo permitan. Os vehículos-tenda, maquinaria ou similares, non poderán ocupar prazas de estacionamento destinadas a automóviles de turismo.

4.- O Concello poderá dar autorizacións excepcionais para que determinados vehículos ou usuarios poidan utilizar zonas restrinxidas de estacionamento. Tales autorizacións acreditaranse mediante tarxetas concedidas pola administración municipal a través da Policía Local.

5.- Queda prohibido o estacionamento sen adecuarse ao establecido nos apartados anteriores.

6.- As infraccións a este artigo terán a consideración de infraccións leves.

Artigo 7. Ordenación dos estacionamentos.

1.- Os vehículos, ao estacionar, colocaranse tan preto da beirarrúa como sexa posible, debendo deixar entre as rodas do vehículo e o bordo da beirarrúa unha separación non superior a 40 centímetros. Estacionar a unha distancia superior do bordo será denunciado como estacionamento incorrecto e prohibido.

2.- Queda entre outras, absolutamente prohibido o estacionamento do seguinte xeito e circunstancias:

a) Sobresaíndo do vértice dunha cruce de vías, obrigando aos outros condutores a facer manobras antirreglamentarias ou creando perigo ou restando visibilidade.

b) Onde haxa rebaixas visibles na calzada co fin de posibilitar o paso de persoas con mobilidade reducida, cochinhos de bebés ou similares.

c) Aínda que non haxa sinalización expresa, estacionar naquelas rúas onde a calzada non permita o paso normal de vehículos, se a vía é de sentido único; e o paso simultáneo dos vehículos que circulen en sentido contrario, se a vía é de dobre sentido, incluíndo o paso dos vehículos pesados e autobuses. En todo caso a distancia de separación entre o vehículo e lado oposto da vía, ou marca viaria lonxitudinal de separación de carrís, non será inferior ós 3 metros.

d) Nun mesmo lugar por máis de 7 días consecutivos e ininterrompidos, a fin de facilitar os labores de limpeza e, de ser o caso, de ocupacións e reservas temporais das vías.

e) Nas zonas que, eventualmente, vaian a ser ocupadas para actividades autorizadas, ou as que deban ser obxecto de reparación, sinalización ou limpeza. Nestes supostos sinalizarase a prohibición do estacionamento cun mínimo de 48 horas de antelación, agás os supostos de xustificada urxencia.

f) Nas zonas onde o estacionamento sexa alternativo en ambas marxes, de acordo co que dispoñan os indicativos do sinal correspondente, sendo efectiva a prohibición ás 08:00 horas da data indicada no correspondente sinal.

g) Nas zonas reservadas con sinal vertical ou marcas viarias para o estacionamento de determinados vehículos, aqueles que sexan doutra categoría ou non autorizados.

3.- Queda prohibido o estacionamento sen adecuarse ao establecido nos apartados anteriores.

TÍTULO II. ZONAS DE ESTACIONAMENTO REGULADO

(zonas de aparcamento gratuïto con rotación obrigatoria)

Artigo 8º. Motivación do servizo público.

Considerando que na sociedade actual a ocupación da vía pública co estacionamento de vehículos, supón o uso dun ben escaso, que debe ser repartido, en virtude das facultades que se recoñecen ao Concello no art. 25 da LBRL, e no art. 7 da LTSV, créase o “servizo público de Estacionamentos Regulados”, que pretende acadar o acceso igualitario e regulado de todos os condutores ao estacionamento nas zonas onde este é especialmente escaso, especialmente nas zonas comerciais, posibilitando a rotación de vehículos evitando os “vehículos-ventosa”, co fin de facilitar as xestións rápidas e as compras nos establecementos comerciais da zona.

As modificacións e ampliacións de rúas, prazas, etc, onde se aplique o estacionamento regulado, serán incluídas por resolución da Alcaldía, como anexo a esta ordenanza.

Artigo 9º. Utilización das zonas de estacionamento regulado.

Os estacionamentos regulados existirán naquelas rúas ou prazas que se determinen e distribuiranse por zonas habilitadas e sinalizadas a tal efecto, someténdose ás seguintes determinacións:

a) O control dos estacionamentos regulados efectuaranse mediante o emprego asociado das tecnoloxías OCR (Recoñecemento Óptico de Caracteres) e o Sistema de Posicionamento Global (GPS). Para información dos usuarios este

sistema de control figurará expresamente nas sinais verticais que delimiten os estacionamento regulados, os cales tamén quedarán delimitados por sinalización horizontal.

b) Os períodos máximos de permanencia dun vehículo nunha mesma zona de estacionamento regulado será de dúas (2) horas ou de trinta (30) minutos, segundo se indique na sinal vertical que o delimite, e dentro deste período de tempo poderase utilizar unha ou varias prazas de estacionamento.

c) Unha vez concluído o tempo máximo de utilización, no que contará como hora de inicio o primeiro aparcamento feito por rúa, praza ou zona o vehículo deberá abandonar o estacionamento e non poderá volver a estacionar na mesma rúa, praza ou zona na mesma quenda de mañá ou de tarde, agás nos estacionamento regulados de 30 minutos que poderá volver a estacionar pasadas 2 horas.

d) O horario dos estacionamento regulados comprenderá de 09:00 a 14:00 horas e de 16:00 a 21:00 horas, agás os domingos e festivos, que serán de libre estacionamento.

e) Atendendo a circunstancias de situación, proximidade de outras zonas reservadas ou frecuencia de uso, a administración municipal poderá establecer variantes neste horario liberando o periodo de tarde.

f) Quedan excluídos destas obrigas, os vehículos da Policía, Bombeiros, Protección Civil e ambulancias. Así mesmo quedan excluídos os de asistencia médica domiciliaria provistos de tarxeta municipal.

g) As infraccións a este artigo considéranse como estacionamento irregulares e prohibidos.

Artigo 10º. Infraccións específicas nas zonas de estacionamento regulado.

Constituirán infraccións específicas desta modalidade de estacionamento:

1.- Exceder o límite horario indicado de 2 horas ou 30 minutos na mesma rúa, praza ou zona.

2.- Unha vez esgotado o tempo máximo permitido, estacionar o vehículo de novo na mesma rúa, praza ou zona, na mesma quenda de mañá ou de tarde.

5.- Ocupar dúas prazas de estacionamento, ou non axustarse ao espazo delimitado para o vehículo nas marcas viarias.

Artigo 11º. Medidas cautelares nas zonas de estacionamento regulado.

Cando un vehículo estacionado nunha zona de estacionamento regulado permaneza durante máis de 24 horas no mesmo lugar os axentes da Policía Local poderán retiralo da vía pública e trasladalo ao depósito municipal. Neste caso, será requisito previo para a devolución do vehículo, aboar as taxas orixinadas segundo a Ordenanza Fiscal correspondente.

TÍTULO III. RESERVAS DE ESPAZO PÚBLICO

Artigo 12º. Reservas para persoas con mobilidade reducida.

1.- Poderán utilizar as zonas reservadas para persoas con mobilidade reducida todas as persoas físicas titulares da tarxeta de persoas con mobilidade reducida homologadas pola UE, podendo utilizala en calquera vehículo en que se trasladen, sexan ou non da súa titularidade/propiedade e sexan ou non os condutores.

2.- Cando se faga uso dos dereitos que outorga esta tarxeta, colocarse na parte interna do parabrisas dianteiro de xeito que permita totalmente a súa visibilidade desde o exterior.

3.- Prohíbese o uso abusivo destas tarxetas, entre outros, por persoas distintas aos titulares, sen a presenza dos mesmos, considerándose tal uso abusivo, como estacionamento prohibido.

4.- Tamén terá a consideración de uso abusivo, o estacionamento nunha mesma praza por un tempo superior a 2 horas no período comprendido de 09:00 a 14:00 horas e de 16:00 a 21:00 horas, agás os domingos e festivos, que serán de libre estacionamento para os titulares deste dereito. Esta limitación horaria estará convintemente sinalizada mediante panel complementario tan so naquelas zonas reservadas para personas con mobilidade reducida con maior necesidade de rotación debido a súa proximidade a determinados servizos ou entidades.

5.- De xeito xustifico o Concello, a través dos servizos sociais, poderá conceder tarxetas provisionais que terán a mesma validez cas citadas anteriormente pero tan só rexerán para este termo municipal, quedando prohibido o seu uso noutro concello.

6.- Queda prohibido o estacionamento sen adecuarse ao establecido nos apartados anteriores.

Artigo 13º. Reservas para carga e descarga laboral.

1.- A carga e descarga de mercadorías deberá realizarse fóra da vía, no interior dos locais comerciais e industriais, sempre que reúnan as condicións axeitadas.

2.- Cando as condicións dos locais comerciais ou industriais, non permitan a carga e descarga no seu interior, estas operacións faranse nas zonas reservadas para "carga e descarga".

3.- A Alcaldía, ou o órgano municipal correspondente, no seu caso, poderá poñer nas rúas do Concello zonas reservadas para que os vehículos destinados a tarefas laborais poidan efectuar a carga e descarga.

4.- As zonas reservadas sinalizaranse tanto vertical como horizontalmente con sinais homologados polas normas vixentes en materia de tráfico.

5.- De xeito xeral, poderán utilizar as zonas de carga e descarga, unicamente os vehículos dos profesionais destinados a tarefas laborais.

6.- Só se poderá utilizar a zona de carga e descarga durante o tempo mínimo imprescindible para efectuar as operacións necesarias de carga e descarga de mercadorías e en ningún caso durante un tempo superior a 30 minutos, salvo autorización expresa da Policía Local.

7.- O Concello poderá dar autorizacións excepciónais para que determinados vehículos ou usuarios poidan utilizar as zonas de carga e descarga. Tales autorizacións acreditaranse mediante tarxetas concedidas pola administración municipal a través da Policía Local.

8.- As reservas de carga e descarga estarán sometidas a réxime de limitación de horario, que se fixará con carácter xeral de Luns a Venres de 07:00 a 15:00 horas e os Sábados de 07:00 a 10:00 horas, agás os domingos e festivos que serán de libre estacionamento.

9.- Atendendo a circunstancias de situación, proximidade de outras zonas reservadas ou frecuencia de uso, a administración municipal poderá establecer variantes tanto no réxime xeral horario como na limitación temporal.

10.- Queda prohibido o estacionamento e uso das zonas de carga e descarga no horario establecido, sen adecuarse ao disposto nos apartados anteriores.

11.- Sen carácter exclusivo, os labores de carga e descarga deberán realizarse de acordo cas seguintes pautas:

a) As mercadorías e demais materiais que sexan obxecto de carga e descarga non se deixarán sobre a calzada ou a beirarrúa, senón que se trasladarán directamente do inmovible ao vehículo ou viceversa.

b) As operacións de carga e descarga faranse coas debidas precaucións para evitar ruídos innecesarios e coa obriga de deixar limpa a beirarrúa.

c) As mercadorías cargaranse e descargaranse polo lado do vehículo máis próximo á beirarrúa, utilizando os medios necesarios para axilizar a operación e procurando non dificultar a circulación, tanto de peóns coma de vehículos.

d) Non poderán utilizar as reservas de "carga e descarga" os vehículos non destinados a tal efecto, nin poderán excederse do tempo para tales labores de acordo co disposto nesta ordenanza.

Artigo 14º. Vaos permanentes.

1.- A instalación ou acondicionamento de locais como garaxes require previa autorización municipal, que non se outorgará de non demostrarse que o local vai ser destinado a tales efectos, previo informe, entre outros, da Policía Local.

2.- Con carácter xeral, aqueles garaxes que teñan capacidade para cinco (5) ou máis turismos e sen mínimo de prazas no suposto de ser necesario atravesar a beirarrúa para acceder ao mesmo, deberán dispoñer de licenza de "vao permanente", estando ao día no pago das taxas correspondentes segundo a Ordenanza Fiscal reguladora.

3.- Sexa cal sexa a súa capacidade aos garaxes que teña que accederse por calquera rúa, praza ou zona considerada nesta ordenanza como peonil, necesariamente para poder utilizalos deberán dispoñer de licenza municipal de vao permanente.

4.- A autorización do vao implicará a instalación diante do portal ou acceso do sinal vertical subministrado polo Concello e, cando se considere necesario, reforzarse a sinalización con marcas viarias que delimiten o espazo prohibido. A sinal de vao incluírá o número de licenza e os metros de reserva de espazo, podendo superar o ancho do portal de entrada si as circunstancias da vía o requiren.

5.- Queda prohibida a instalación de sinais de vao, que sexan réplicas cas mesmas características que as oficiais, non autorizados polo Concello.

6.- As infraccións a este artigo terán a consideración de infraccións graves.

Artigo 15º. Paradas de transporte público.

1.- A administración municipal determinará e sinalizará os lugares onde deberán situarse as paradas de transporte público, tanto de servizo colectivo (autobuses) como de vehículos lixeiros (taxis). Tan só poderán utilizar estas paradas os vehículos destinados a tal efecto.

2.- Non se poderá permanecer nas paradas de transporte público máis tempo que o necesario para recoller ou deixar viaxeiros, agás as sinalizadas como orixe ou final de liña.

3.- Nas paradas de transporte público destinadas ao servizo de taxi, estes vehículos poderán permanecer unicamente á espera de pasaxeiros.

4.- En ningún caso, o número de vehículos parados poderá ser superior á capacidade da parada.

5.- Non se efectuarán paradas ou estacionamentos de transporte público en lugar distinto dos autorizados, ou fóra do espazo limitado para os mesmos, agás no caso dos taxis para coller e/ou deixar viaxeiros, e sempre respectando as normas de circulación.

6.- As estacións de autobuses e as terminais autorizadas, serán a orixe ou final das liñas de transporte regular de viaxeiros de carácter interurbano. Os autobuses interurbanos non farán outras paradas dentro do Concello, agás as expresamente autorizadas e sinaladas a tal efecto de acordo cas normas de circulación.

7.- Queda prohibido o estacionamento e uso das paradas de servizo público, sen adecuarse ao establecido nos apartados anteriores.

TÍTULO IV. PROHIBICIÓNS E RESTRICIÓNS CIRCULATORIAS

Artigo 16°. Actividades que afectan a seguridade viaria. Velocidade en vías urbanas.

1.- Prohíbese botar, depositar, verter ou abandonar sobre a plataforma viaria e zona de afección materiais ou cousas que poidan entorpecer ou facer perigosa a circulación, parada ou estacionamento, deteriorar ou causar danos de xeito que modifiquen as condicións existentes para circular, parar ou estacionar.

2.- Prohíbese concretamente que os vehículos ensucien a plataforma viaria con terra, barro ou similares, por non limpar previamente as rodas dos vehículos ao saír das obras, desterres ou fincas de labranza ou por non adoptar a dilixencia debida para a súa evitación.

3.- Do mesmo xeito prohíbese que os vehículos vertan na vía calquera líquido, materia graxa, po ou similares, incluído os vertidos dos desaugues que proveñan da mercancía conxelada ou refrixerada.

4.- Dos danos e prexuízos causados serán responsables solidarios os solicitantes da obra ou desterre, promotores, titulares e condutores dos vehículos. Sen prexuízo das sancións correspondentes as citadas persoas quedan obrigadas a limpar e asear a zona afectada, restablecendo a normalidade na maior brevidade posible, orixinando no caso de incumprimento infracción independente.

5.- O límite xenérico de velocidade en vías urbanas é de:

20 km/h en vías que dispoñan de plataforma única de calzada e beirarrúa.

30 km/h en vías de un único carril por sentido de circulación.

50 km/h en vías de dous ou máis carrís por sentido de circulación.

6.- A estos efectos, os carrís reservados para a circulación de determinados usuarios ou uso exclusivo de transporte público non serán contabilizados.

7.- As velocidades xenéricas establecidas poderán ser rebaixadas, e de xeito excepcional poderá aumentarse a velocidade nas vías de un único carril por sentido, ata unha velocidade máxima de 50 km/h, en ambos supostos previa sinalización específica.

8.- O límite xenérico de 50 km/h en travesías para todo tipo de vehículos, poderá rebaixarse mediante acordo co titular da vía e previa sinalización específica.

Artigo 17. Medidas circulatorias especiais.

1.- Cando circunstancias especiais o requiran, a Policía Local poderá tomar as oportunas medidas de ordenación do tráfico, prohibindo ou restrinxindo a circulación de vehículos en xeral ou categorías en particular ou ben canalizando as entradas a unhas zonas da poboación por determinadas vías, así como reordenando, restrinxindo ou prohibindo o estacionamento.

2.- Baseándose nos principios de eficacia e de protección de intereses de orde superior, ante situacións de emerxencia, catástrofe ou risco inminente, sen prexuízo da denuncia pola infracción, os vehículos que se atopen indebidamente estacionados poderán ser apartados, arrastrados, empuxados ou retirados polos medios que teñan ao alcance nese intre os servizos de emerxencia e seguridade, sendo responsabilidade dos condutores/titulares dos vehículos os danos que se lles poida causar ao ser apartados, arrastrados, empuxados ou retirados a fin de posibilitar o paso dos servizos de emerxencia, imposibilitado pola súa neglixencia.

TÍTULO V. REGULACIÓNS ESPECÍFICAS

Artigo 18º. Zonas Peonís

1.- Chámanse zonas peonís, ao conxunto de rúas adxacentes coa mesma regulación de restricción de circulación, para vehículos a motor e ciclomotores. Estas zonas regularanse mediante resolución da Alcaldía. Éstas estarán debidamente sinalizadas en cada lugar de acceso ás mesmas.

2.- Nas rúas peonís, a circulación de vehículos a motor e ciclomotores poderá estar prohibida ou restrinxida, ben durante unhas horas ou ben de forma permanente, quedando sempre a salvo o acceso de vehículos de servizos de emerxencia. Os diferentes graos de restricción son os seguintes:

a) Cando se permita o acceso a determinados usuarios para carga e descarga, nos horarios establecidos nesta ordenanza.

b) Cando se permita o acceso a vehículos autorizados, podendo tamén limitarse a circulación por dimensión ou polo tipo dos mesmos.

c) Cando teñan un uso reservado para o paso de peóns, con exclusión da circulación rodada, e expresamente sinalizadas como tales.

3.- Regularanse por resolución da Alcaldía os accesos e saídas das rúas peonís, así como a delimitación e indicación do lugar a partir do cal rexen as normas para éstas, mediante os correspondentes sinais. En todo caso, respectaranse as seguintes normas:

a) A velocidade máxima dos vehículos será de 10 Km/h.

b) Os condutores deberán conceder prioridade aos peóns e bicicletas.

c) Os peóns poderán utilizar toda a zona de circulación.

d) Prohíbese o acceso de vehículos de máis de 3.500 kg. de Masa Máxima Autorizada (MMA), salvo autorización expresa.

4.- A autoridade municipal, sen prexuízo da sinalización anterior, poderá utilizar outros elementos móbiles ou fixos, que impidan ou restrinxan a entrada e circulación de vehículos na zona ou vía afectada, así como os medios técnicos adecuados para a vixilancia e disciplina do tráfico.

5.- Prohíbese a circulación e o estacionamento de vehículos nas rúas peonís, salvo os casos autorizados.

6.- No caso de vehículos autorizados, o estacionamento realizarase sen obstaculizar nin constituír un risco para o resto de usuarios, circulando a velocidade moderada, e se fose preciso, deterán a súa marcha para permitir o paso dos peóns ou bicicletas, evitando causar calquera dano ou molestia innecesaria.

7.- Os condutores autorizados, non poderán ampararse nestas autorizacións para acurtar distancias, recorrido ou evitar retencións ou outras situacións derivadas da circulación.

8.- Calquera que sexa o alcance das limitacións impostas, éstas non afectarán á circulación nin ao estacionamento de vehículos dos servizos contra incendios e salvamento, forzas e corpos de seguridade, asistencia sanitaria en servizo de urxencia e servizo municipal de retirada de vehículos.

9.- En todo caso, estarase ao establecido nesta ordenanza, e ás indicacións que puidesen realizar os axentes da autoridade encargados da vixilancia do tráfico.

10.- O incumprimento das normas establecidas neste artigo e na correspondente resolución da Alcaldía, constitúen unha infracción que será considerada grave, se obstaculiza ou crea risco para o paso de vehículos autorizados, ou de peóns e bicicletas.

11.- En supostos excepcionais debidamente xustificados ou casos de forza maior, mediante información aos afectados, poderá prohibirse temporalmente o acceso dos vehículos autorizados ás vías restrinxidas onde se producira a incidencia.

12.- Poderase permitir o acceso ás rúas e zonas peonís nos seguintes supostos:

a) Os vehículos dos servizos municipais de limpeza, iluminación, auga e rede de sumidoiros, parques e xardíns e mantemento da vía e demais servizos municipais, circularán por estas vías cando sexa imprescindible por mor do ser servizo. Non deberán circular nin estacionarse nas devanditas zonas cando a afluencia de peóns sexa abundante, agás nos supostos de reparación ou necesidade urxente.

b) Os vehículos dos servizos públicos de sumministración de gas, electricidade, telefonía e similares, nos supostos de restablecementos ou reparacións urxentes por avarías ou cortes de subministración de calquera dos servizos públicos, será suficiente comunicar a Policía Local, por calquera medio que permita ter constancia, a necesidade de circular e estacionar, no seu caso.

c) Os vehículos de taxis terán acceso ás rúas peonís para realizar servizos cando as persoas transportadas teñan dificultades de mobilidade, porten equipaxes pesados ou voluminos. Así coma cando as persoas usuarias do servizo sexan mulleres que por motivos de seguridade ou integridade soliciten ser transportadas ata a entrada do seu domicilio, especialmente en horario nocturno.

d) Os servizos de extinción de incendios e salvamento, os das forzas e corpos de seguridade, ambulancias e todos aqueles que teñan inherente a prestación de servizos públicos.

e) Con carácter xeral, o acceso para a execución de calquera obra de construción, instalación ou remodelación de edificacións, así como mudanzas, terá o mesmo tratamento que as operacións de carga e descarga, nos termos descritos nesta ordenanza.

f) Excepcionalmente, permitirase o acceso de vehículos á zona afectada en horario distinto ao de carga e descarga por razóns debidamente xustificadas. Para iso, será necesaria a correspondente autorización da Policía Local.

g) Os establecementos de hospedaxe situados nas rúas peonís, para tomar ou deixar viaxeiros con dificultades de desprazamento, ou con equipaxes pesados ou voluminosos, así o acceso os garaxes privados dos establecementos e poderán estacionar diante do establecemento por tempo máximo de 15 minutos.

h) Os vehículos de titulares de tarxeta sanitaria, nos casos de prestación de servizos urxentes.

i) Os titulares de tarxetas de residentes, nas condicións establecidas nesta ordenanza.

Artigo 19º. Tarxetas de residentes

A tarxeta de residente é un documento público que poderá emitir o Concello de Boiro, a aquelas persoas que cumpran os requisitos previstos nesta ordenanza, para permitir o acceso de vehículos ás rúas peonís ou de selo caso para o seu estacionamento nestas ou noutras zonas de residentes, as cales estarán convintemente delimitadas con sinalización vertical e marcas viarias de cor verde, e ós únicos efectos que se sinalan nesta ordenanza. O outorgamento e uso das tarxetas rexerá polas seguintes normas:

1.- Os interesados deberán solicitar que se lles outorgue a correspondente tarxeta de residente, mediante o impreso modelo establecido ao efecto, debendo aportar a documentación que se cita nos artigos seguintes para cada un dos supostos previstos.

2.- Na páxina web do Concello de Boiro, estará a disposición dos interesados o modelo de impreso citado, o cal se poderá obter tañen na oficina de información do concello. Unha vez cumprimentado, deberá entregarse, xunto coa documentación esixida para cada caso, no Rexistro de Entrada deste concello.

3.- A tarxeta de residente deberá levarse no interior do vehículo de tal forma que sexa visible dende o exterior polo parabrisas deste. Será exhibida polo condutor do vehículo aos axentes encargados da vixilancia do tráfico cando sexa requirido para iso.

4.- A Alcaldía de Boiro será quen conceda ou denegue as tarxetas de acceso e no seu caso, de estacionamento nas rúas peonís, así como a revogación ou suspensión destas. A Policía Local será a encargada da xestión e da emisión das tarxetas.

5.- A tarxeta de residencia estará vixente mentras se manteñan os requisitos esixidos inicialmente para o seu outorgamento.

6.- No caso de perda da tarxeta, poderá expedirse un duplicado.

7.- As tarxetas serán persoais e intransferibles, e outorgadas para un vehículo determinado, polo que, en caso de cambio de propietario do vehículo, deberá entregarse a tarxeta nas dependencias da Policía Local para que sexa dada de baixa polo concello. Así mesmo, entregárase a tarxeta no momento no que o titular da mesma traslade o seu domicilio fóra dos límites da zona autorizada, ao alterarse as condicións esixidas no momento de outorgala.

8.- As tarxetas axustaranse ao modelo recollido na correspondente resolución, que se incluírá como anexo desta ordenanza, e terán unhas dimensións aproximadas de 21 x 15 centímetros, é dicir a metade dun folio tamaño A4. Estarán firmadas polo/a Alcalde/sa, e incorporarán, en caracteres grandes que permitan unha doada e rápida comprobación, os seguintes datos:

- TARXETA DE RESIDENTE.
- Zona para a que é válida.
- Matrícula do vehículo autorizado.
- Concello de Boiro.
- Número de orde.
- Data de expedición.

9.- Estar en posesión da tarxeta só permitirá o acceso ás rúas peonil nos seguintes casos:

- a) Acceso a garaxes dentro da zona de residencia, dende o acceso autorizado máis próximo.
 - b) Estacionamento para carga e descarga, dentro do horario establecido, polo tempo mínimo imprescindible e nunca superior a 15 minutos
 - c) Para recoller ou deixar persoas con discapacidade ou con problemas para desprazarse, sen exceder de 15 minutos.
- 10.- En ningún caso terán validez fotocopias ou reprodución por calquera medio das tarxetas.
- 11.- O uso indebido de forma reiterada da tarxeta, será causa de suspensión da mesma.

Artigo 20º. Condicións para a obtención da tarxeta de residente

1.- Outorgarase tarxeta de residente para o acceso e de selo caso o estacionamento nunha determinada zona ou rúa peonil, nos seguintes supostos:

- a) Ser propietario ou ter alugada unha vivenda, con residencia na zona afectada.
- b) Persoas físicas empadroadas na zona afectada, que prestando os seus servizos nunha empresa con domicilio distinto ao daquelas, tiveran asignado un vehículo para os seus desprazamentos profesionais ou laborais.
- c) Ser propietario ou ter alugada unha praza de garaxe.
- d) Ser titular ou representante dun establecemento comercial situado dentro dunha illa de peóns.
- e) Ser maior de 65 anos que residindo na zona afectada e por razóns de saúde debidamente xustificadas, precisen acceder á súa residencia mediante un vehículo, e non se atopen incluídos en ningún dos supostos anteriores.
- f) Ós titulares de tarxetas para discapacitados que residan na zona afectada, non incluídos en ningún dos supostos anteriores.

2.- Para obter a tarxeta de residente, os interesados deberán solicitalo mediante o impreso correspondente debidamente cuberto, achegando a seguinte documentación:

Nos supostos dos apartados a) e b):

- Fotocopia do DNI ou, no caso de ser estranxeiro, a tarxeta de residencia ou o pasaporte.
- Certificado de empadroamento.
- Fotocopia do permiso de circulación do vehículo para o que se solicita o acceso

No caso do apartado a), deberá ser coincidente o domicilio do empadroamento do titular co que figura no DNI, así como no permiso de circulación do vehículo. No caso de arrendatarios de vehículos con contrato de aluguer de larga duración, ou usuarios de vehículos financiados en réxime de leasing, terán que presentar fotocopia do contrato correspondente. Neste suposto, deberá ser coincidente o domicilio do empadroamento do titular co que figura no DNI, co que de feito resida.

No caso do apartado b), deberá aportar documento acreditativo expedido pola empresa propietaria do vehículo, conforme o ten asignado.

No suposto do apartado c):

- Fotocopia do DNI ou, caso de ser estranxeiro, a tarxeta de residencia ou o pasaporte.
- Fotocopia do permiso de circulación do vehículo para o que se solicita o acceso.
- Fotocopia do título de propiedade ou contrato legalizado de aluguer da praza de garaxe, no que debe constar a identificación e dirección desta.

No suposto do apartado d):

- Fotocopia do DNI ou, caso de ser estranxeiro, a tarxeta de residencia ou o pasaporte.
- Fotocopia do permiso de circulación do vehículo para o que se solicita o acceso, que deberá estar a nome do solicitante ou do establecemento comercial.
- Fotocopia da licenza de apertura do establecemento.
- No caso de representantes, poder de representación ou declaración xurada de que ostenta este poder da delegación, a efectos do uso da tarxeta.

No suposto do apartado e):

- Fotocopia do DNI ou, caso de ser estranxeiro, a tarxeta de residencia ou o pasaporte.
- Certificado de empadroamento.
- Fotocopia do permiso de circulación do vehículo para o que se solicita o acceso.
- Informe médico que xustifique a necesidade de acceso con un vehículo.

No suposto do apartado f):

- Fotocopia do DNI ou, caso de ser estranxeiro, a tarxeta de residencia ou o pasaporte.
- Certificado de empadramento.
- Fotocopia do permiso de circulación do vehículo para o que se solicita o acceso.
- Fotocopia da tarxeta de discapacitados

3.- En todo caso, o número total de tarxetas para vehículos de persoas residentes, non excederá de dúas por domicilio no suposto de persoas físicas e dunha no das persoas xurídicas, sen prexuízo de que se outorguen tarxetas por razón de discapacidade nos termos previstos nesta ordenanza.

4.- En todos os casos, agás os residentes temporais e os propietarios ou representantes dos establecementos comerciais situados dentro das zonas ou illas de peons, o vehículo deberá estar dado de alta no Padrón do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, deste concello, estando, se é o caso, ao corrente do pagamento do devandito imposto.

5.- En todos os casos a Masa Máxima Autorizada dos vehículos autorizados será de 3.500 Kg.

6.- Queda prohibida a circulación e estacionamento nas zonas peonís, sen adecuarse ao establecido nos apartados anteriores, quedando a salvo nos supostos excepcionais en que se autorice pola autoridade municipal ou Policía Local.

Artigo 21°. Ocupacións xenéricas da vía pública.

1.- Quedan sometidas a previa licenza municipal todas aquelas actividades en espazos públicos que impliquen ocupación fixa ou temporal de zonas de dominio público, concretamente a instalación de andamios fixos ou móbiles, soportes de publicidade, mobiliario urbano, toldos, rótulos, marquesiñas, terrazas, mesas, cadeiras, parasoles, maceteiros, tarimas, bancos, cortaventos, fitos ou similares, debendo aboar as taxas orixinadas segundo a ordenanza fiscal correspondente. A súa colocación someterase a informe da Policía Local, ademais doutros que se consideren necesarios, que versará sobre a súa necesidade e efectividade e tendo en consideración o prexuízo e perturbacións que se poida crear á seguridade e circulación viaria e á veciñanza en xeral.

Os mesmos requisitos e limitacións terán as ocupacións temporais e reservas da vía pública para labores de cargas e descargas de combustibles, mudanzas e similares, así como para realizar cortes e desvíos de tráfico.

2.- As solicitudes de reservas de espazo público para ocupacións temporais por obras e outros deberán solicitarse cun mínimo de 48 horas de antelación a fin de poder sinalizar a reserva axeitadamente. A sinalización circunstancial deberá ser colocada directamente polos solicitantes, coa posterior comprobación da Policía Local. No suposto de carencia de medios do solicitante, será a Policía Local a encargada de sinalizar a ocupación de vía.

3.- Prohíbese a colocación na vía pública de calquera obstáculo ou obxecto que poida dificultar a circulación de peóns ou vehículos ou causar riscos aos mesmos ou deteriorar a plataforma viaria ou ás súas instalacións. Se fose imprescindible a instalación dalgún elemento ou obxecto na vía pública será necesaria a previa obtención de autorización municipal, na que se determinarán as condicións que deban cumprirse e que será sometida a informe da Policía Local, ademais doutros que se consideren necesarios. En calquera caso, deberán terse en conta a circunstancias nocturnas e outras que acrecenten o risco, debendo de ser protexidas e sinalizadas adecuadamente a fin de minimizar tales riscos.

4.- Sen prexuízo das infraccións e responsabilidade por tales motivos, os elementos citados nos apartados 1 e 2 deste artigo deberán ser inmediatamente retirados por quen os colocara cando sexan requiridos pola autoridade municipal ou a Policía Local. Tamén poderán facelo directamente os servizos municipais competentes, cando non sexan localizados ou se neguen a facelo os responsables, debendo neste suposto de aboar as taxas orixinadas segundo a Ordenanza Fiscal correspondente.

5.- Quedan sometidas a previa licenza municipal todas aquelas actividades nas beirarrúas ou espazos públicos que impliquen ocupación temporal de zonas de dominio público, especialmente actividades de venda de obxectos, mendicidade de calquera tipo, venda ambulante, colocación de mesas, tarimas, expositores e similares, sempre e cando, poidan perturbar, dificultar ou obstaculizar o normal tránsito de vehículos ou peóns, así coma os accesos ás vivendas ou os locais.

6.- Queda prohibida especificamente a venda ambulante, e que conleve una ocupación de vía pública, en todo o municipio agás en días e zonas habilitadas a tal efecto e coa debida licenza municipal.

7.- Así mesmo queda prohibido o non adecuarse ao establecido nos apartados anteriores ou non adaptarse as autorizacións e/ou licenzas municipais concedidas.

Artigo 22°. Ocupacións específicas con colectores e similares.

1.- Os colectores ou elementos similares de recollida de mobles ou obxectos, os de residuos de obras e os de lixo domiciliario, colocaranse naqueles puntos da vía pública que o órgano municipal competente determine, previo informe da Policía Local, co fin de ponderar os prexuízos aos demais usuarios, perturbacións á circulación innecesarias e menor perda de estacionamentos posibles.

2.- Os lugares da calzada destinados á colocación de colectores e similares terán a condición de reservas de estacionamento e serán limitadas mediante elementos físicos visibles. Dos danos e prexuízos causados serán responsables solidarios os solicitantes, promotores e quen os colocasen directa e indirectamente.

3.- Queda prohibida a ocupación da vía pública con estes elementos sen previa licenza municipal, debendo aboar as taxas orixinadas segundo a ordenanza fiscal correspondente.

4.- Prohíbese depositar fora dos colectores autorizados material procedente de actividades privadas ou mercantís tales como cartóns, plásticos, madeiras, metais, escombros e calquera outro que poida causar perturbacións ao tráfico peonil ou de vehículos, ou espallarse pola acción do vento ou da choiva.

5.- Así mesmo queda prohibido realizar tales ocupacións sen adecuarse ao establecido nos apartados anteriores.

Artigo 23º. Normas de circulación de bicicletas, patinetes e semellantes. Os VMP

1. As bicicletas, vehículos suxeitos á normativa vixente sobre tráfico e circulación, circularán polas vías ciclistas ou polos itinerarios sinalizados. Onde non existan carrís ou vías destinados a bicicletas, circularán pola calzada. O ciclista unicamente terá a consideración de peón cando circule a pé.

2. Estes vehículos deberán estar provistos de elementos reflectores na parte posterior. Para circular durante a noite ou en condicións meteorolóxicas que diminúan sensiblemente a visibilidade, deberán dispoñer ademais de luz de posición dianteira e traseira.

3. Agás en momentos de aglomeración, as bicicletas poderán circular por parques públicos e zonas de prioridade peonil nas que estea permitido, sempre que:

- a) Respecten a preferencia de paso dos peóns.
- b) Adequen a velocidade ao paso dunha persoa, e en ningún caso se superen os 10 km/h.
- c) Non realicen manobras que afecten á seguridade dos peóns.
- d) Deberán manter unha distancia de seguridade dun metro ao superar ou cruzarse cun peón.

4. De maneira excepcional, permitirase a circulación de bicicletas por beirarrúas en rúas nas que non exista vía ciclista, unicamente cando a intensidade do tráfico na estrada disuada a utilización da mesma. A circulación deberá ser extremadamente prudente, e a paso de peón. Ademais, os ciclistas que circulan por beirarrúas deberán cumprir co resto de restricións impostas para as zonas peonís.

5. Por cuestións de seguridade, é recomendable a utilización de casco de protección.

6. Cando exista unha vía expresamente sinalizada para uso exclusivo de bicicletas, esta terá prioridade sobre os demais vehículos e sobre os peóns e deberán utilizala obrigatoriamente, non podendo circular polo resto da calzada.

7. Para os efectos deste artigo, entenderase que hai aglomeración cando non sexa posible conservar un metro de distancia entre a bicicleta e os peóns, e entre esta e as fachadas, ou non sexa posible circular en liña recta 5 metros de xeito continuado.

8. No Paseo Marítimo e rutas de sendeirismo permitirase superar a limitación de 10 km/h sen superar como máximo os 15 km/h, cando nunha lonxitude de 50 metros no sentido de circulación da bicicleta non circule ningún peón. No devandito paseo, na medida do posible, marcaranse itinerarios diferenciados para uso peonil e de bicicleta.

9. Patinetes e semellantes.

a. Circulación. Os patíns, monopatíns, patinetes ou aparatos similares transitarán polo carril bici e zonas de prioridade peonil, incluídas as beirarrúas non podendo invadir carrís de circulación de vehículos a motor, salvo para cruzar a estrada. No seu tránsito os patinadores deberán acomodar a súa marcha á das bicicletas de circular polo carril bici, ou á dos peóns no resto dos casos, evitando en todo momento causar molestias ou crear perigo.

En ningún caso se permite que sexan arrastrados por outros vehículos.

b. Uso deportivo. Os patíns, monopatíns, patinetes ou aparatos similares unicamente poderán utilizarse con carácter deportivo nas zonas especificamente sinalizadas en tal sentido.

c. Estacionamento. Deberán estacionar nas zonas habilitadas e non poderán facelo na beirarrúa.

d. Non está permitida a práctica de acrobacias e xogos de habilidade con patíns ou monopatíns fora das áreas destinadas ao efecto.

e. Queda prohibida a utilización de escaleiras para peóns, elementos para a accesibilidade de persoas discapacitadas, varandas, bancos pasamáns ou calquera outro elemento do mobiliario urbano para realizar acrobacias con patíns e monopatíns

10.- Son vehículos de mobilidade persoal (VMP), os vehículos de unha ou máis rodas, dotados dunha única praza e propulsado exclusivamente por motores eléctricos que poden proporcionar ó vehículo unha velocidade máxima comprendida entre os 6 e os 25 km/h, quedando excluídos de esta definición os vehículos para persoas con mobilidade reducida.

- a) Alcohol e drogas. Os usuarios de vehículos de mobilidade persoal teñen a obriga de someterse ás probas de alcohol e drogas ó igual que os demais condutores.
- b) Uso do teléfono móbil. Como condutores de vehículos teñen prohibido conducir facendo uso manual do teléfono móbil ou calquera sistema de comunicación.
- c) Auriculares. Tamén teñen prohibido conducir empregando cascos ou auriculares conectados a aparellos receptores ou reprodutores de son.
- d) Casco de protección. Os condutores de VMP deben ir provistos dun casco de protección homologado.
- e) Circulación. Está prohibida a circulación de vehículos de mobilidade persoal polas beirarrúas e as zonas peonís, por onde os seus condutores deberán transitar a pé, pasando nese intre a ter a consideración de peón.
- f) Condución nocturna. Cando se practique a condución entre o ocaso e o orto do Sol será obrigatorio o uso de alumbrado e de elementos reflectantes, nas mesmas condicións que as establecidas para as bicicletas.
- g) Estacionamentos. Os condutores de VMP deberán estacionar nas zonas habilitadas ó efecto, quedando prohibido o estacionamento nas beirarrúas e zonas peonís.

Artigo 24º. Limitacións ao estacionamento e circulación de vehículos de grandes dimensións.

1.- Con carácter xeral, os vehículos ou conxuntos de vehículos que teñan un peso ou unhas dimensións superiores ás autorizadas regulamentariamente, e, en todo caso, cun peso máximo autorizado (MMA) de 36.000 Kg, non poderán circular nin estacionar polas vías públicas de titularidade municipal, en especial nos núcleos urbanos ou rurais, nos cales se poderán establecer limitacións restrictivas mediante sinalización vertical. Excepcionalmente, poderán facelo con previa autorización municipal e de ser o caso, aboando previamente as taxas orixinadas segundo a ordenanza fiscal correspondente. Esta autorización é independente da outorgada por outras administracións.

2.- As autorizacións indicadas no punto anterior serán para unha soa viaxe ou número determinado, sendo outorgadas polo Alcalde/sa e solicitadas a través de instancia dirixida ao mesmo, previo informe da Policía Local.

3.- Queda prohibida a circulación e estacionamento de vehículos de grandes dimensións, sen adecuarse ao establecido nos apartados anteriores.

Artigo 25. Usos prohibidos nas vías públicas.

1.- Non se permitirá nas prazas e xardíns públicos, nas zonas reservadas para peóns ou vehículos e nos demais espazos públicos, os xogos ou diversións que poidan representar un perigo ou perturbacións para os transeúntes e demais usuarios, incluídos aqueles que os practiquen, sexa cal sexa a súa idade. Concretamente e en todo caso, queda prohibido aos maiores de 9 anos xogos con balóns ou pelotas, a chave, petanca e similares, con obxectos voadores, xogos con auga ou outros líquidos e outros que poidan causar idénticas molestias, perturbacións ou danos, excepto nos actos organizados pola administración municipal ou autorizados por esta.

2.- Os patíns, monopatíns, patinetes, bicicletas, triciclos e outros similares utilizados por nenos menores de 9 anos, sen motor, poderán circular polas beirarrúas, zonas peonís e paseos, axeitando a súa velocidade á normal dun peón.

3.- Quedan prohibidas as condutas ou comportamentos, sen adecuarse ao establecido nos apartados anteriores.

4.- Os axentes da Policía Local, sen prexuízo das denuncias que practiquen por tales feitos, cando os infractores desobedezan os seus requirimentos ou nos supostos de reincidencia, poderán cautelamente intervir o xoguete/instrumento da infracción polo tempo necesario para a identificación do responsable ou para garantir a seguridade en xeral e no seu caso, deberá aboarse previamente a súa devolución a taxa orixinada segundo a ordenanza fiscal correspondente.

Artigo 26. Obras, instalacións, actuacións e publicidade.

1.- Será competencia municipal a autorización e control das obras, elementos, instalacións ou actuacións, incluídas as instalacións publicitarias nas zonas de dominio público, de servidume ou de afección das estradas dentro do termo municipal. Para exercer tales actividades será necesaria previa autorización municipal. Das citadas actividades serán responsables solidarios os propietarios dos terreos, quen realice a actividade e os anunciantes ou beneficiarios.

2.- A vixilancia, control, disciplina e denuncia cando afecte á seguridade viaria, sen prexuízo da competencia doutros órganos municipais, poderá exercerse directamente pola Policía Local e naqueles supostos en que os responsables non sexan localizados ou se neguen á retiralos, poderán adoptar medidas cautelares e de reposición da legalidade pola vía de feito, mediante persoal municipal ou entidades colaboradoras, tales como a retirada e depósito dos citados elementos ou instalacións, quedando sometida a súa devolución ao disposto na ordenanza fiscal correspondente.

Artigo 27º. Revisión de oficio das autorizacións concedidas.

1.- As autorizacións e permisos municipais referentes a materias relacionadas con esta ordenanza poderán ser revogadas polo Concello mediando xusta causa ou por non cumprir os requisitos, non axustarse ás condicións do seu outorgamento ou cambiar as circunstancias concorrentes.

2.- No curso dos procedementos de declaración de revisión de oficio, nulidade, anulación e revogación das autorizacións administrativas concedidas, poderá acordarse a suspensión cautelar ou intervención da autorización en cuestión, cando o seu mantemento entrañe un grave perigo para a seguridade do tráfico ou prexudique notoriamente o interese público. Nestes supostos, a autoridade que coñeza o expediente ordenará, mediante resolución fundada, a intervención inmediata da autorización e a práctica de cantas medidas sexan necesarias para impedir o efectivo exercicio da mesma.

3.- Nos supostos debidamente motivados de forza maior, urxencia, perigo inminente, sinistros ou cando se dificulte gravemente ou obstaculice o tráfico, poderán directamente os axentes da Policía Local adoptar as medidas cautelares e de seguranza necesarias co fin de restablecer a normalidade, aínda que tales limitacións ou prohibicións fosen de actividades previamente autorizadas, e no seu caso, os responsables deberán aboar as taxas orixinadas segundo a ordenanza fiscal correspondente.

TÍTULO VI. PROCEDEMENTO SANCIONADOR

Artigo 28º. Infraccións.

As infraccións ás normas establecidas na presente Ordenanza sancionadas según o establecido no Real Decreto Lexislativo 6/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Viaria e os seus regulamentos de desenvolvemento.

Artigo 29º. Sancións.

1.- Por infraccións leves: Multa de ata cen euros (100 €).

2.- Por infraccións graves: Multa de douscentos euros (200 €).

3.- Por infraccións moi graves: Multa de cincocentos euros (500 €).

Aplicaranse as sancións establecidas no artigo 80.2 do Real Decreto Lexislativo 6/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Viaria, así como as multas previstas no anexo IV con respecto ás infraccións consistentes en non respectar os límites de velocidade.

4.- En todo caso o procedemento sancionador será o establecido na LTSV, concretamente no artigo 74º e seguintes do Real Decreto Lexislativo 6/2015 e no Real Decreto 320/1994, do 25 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento do Procedemento Sancionador en Materia de Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Viaria.

5.- Cando a autoría dos feitos cometidos corresponda a un menor de 18 anos, responderán da sanción de multa solidariamente con el, seus pais, tutores, acolledores e gardadores legais ou de feito, por esta orde, en razón ao incumprimento da obriga imposta a estes de educar, prever e evitar a infracción administrativa que puideran cometer os menores baixo o seu cargo (*culpa in vigilando*).

6.- En consonancia co artigo 94º da LTSV, as sancións de multa poderán facerse efectivas cunha redución do 50 % sobre a contía correspondente consignada correctamente no boletín de denuncia polo axente ou no seu defecto, na notificación posterior realizada polo instrutor do expediente, sempre que o dito pago se efectúe durante os 20 días naturais seguintes a aquel en que teña lugar a citada notificación. O pagamento anticipado coa redución anteriormente sinalada, salvo que proceda impoñer ademais a medida de suspensión do permiso ou da licenza de conducir, implicará unicamente a renuncia a formular alegacións e a terminación do procedemento sen necesidade de ditar resolución expresa, sen prexuízo da posibilidade de interpoñer os recursos correspondentes.

7.- Cando o infractor non acredite a súa residencia legal no territorio español, o axente denunciante fixará provisionalmente a contía da multa e, de non depositarse inmediatamente o seu importe, inmovilizará o vehículo ou procederá á súa retirada para o depósito municipal, orixinando os gastos de tales actuacións as taxas correspondentes que deberán ser aboadas como requisito previo ao levantamento da inmovilización ou devolución do vehículo.

8.- Sen prexuízo das medidas cautelares que leven a cabo os axentes da Policía Local, en aplicación desta ordenanza, no supostos de reiteración de infraccións e atendendo a seguridade viaria poderá impoñerse a sanción de incautación de xoguetes, aparellos, instrumentos, elementos, ou instalacións, incluídas as instalacións publicitarias, podendo proceder á súa destrución ou á entrega a entidades benéficas ou sen ánimo de lucro.

DISPOSICION DERRADIERA. *Entrada en vigor.*

Esta ordenanza entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

ANEXO I

RÚAS E ESPAZOS PEONÍS.

Tendo en conta a competencia municipal recoñecida no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local (BOE de 3 de abril de 1985) e o artigo 7 do Real Decreto Legislativo 6/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Viaria, a partir da entrada en vigor desta ordenanza decláranse inicialmente rúas e zonas peonís os seguintes espazos públicos, rexéndose polo establecido nesta ordenanza e sinalización a tal efecto.

As modificacións e ampliacións de rúas, prazas e zonas peonís poderán ser reguladas por resolución da Alcaldía, que se unirá como anexo a esta ordenanza.

- Rúa Estatuto de Galicia, dende a Rúa Dereitos Humanos ata a Rúa Norberto Pijuán.
- Rúa Doutor Santos Mieites.
- Rúa Pablo Iglesias, ata a Praza da Mancomunidade.
- Rúa Raimundo García Domínguez "Borobó".
- Rúa Ferrería.
- Paseo Marítimo de Barraña - Praia Xardín.
- Paseo Fluvial do Río Breiro.
- Parque da Cahacha.
- Todas aquelas sendas, parques, paseos e lugares públicos destinados ó esparcemento e ocio da poboación, así como todas aquelas zonas e terreos de titularidade privada que sexan utilizados por unha colectividade indeterminada de usuarios e cuxo uso sexa peonil.

ANEXO II

ESTACIONAMENTOS REGULADOS

Tendo en conta a competencia municipal recoñecida no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local (BOE de 3 de abril de 1985) e o artigo 7 do Real Decreto Legislativo 6/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Viaria, a partir da entrada en vigor desta ordenanza decláranse inicialmente zonas afectadas polo servizo público de Estacionamentos Regulados os seguintes espazos públicos, rexéndose polo establecido nesta ordenanza e sinalización a tal efecto.

As modificacións e ampliacións de rúas, prazas, etc., onde se aplique o estacionamento limitado-gratuíto de zona azul ou zona exprés, poderán ser reguladas por resolución da Alcaldía, que se unirá como anexo a esta ordenanza.

ZONAS DE ESTACIONAMENTO REGULADO CON LIMITACIÓN DE 2 HORAS

- Avenida da Constitución, dende a Avda. da Municipalidade de Avellaneda e a Rúa Vimieiro (carril Norte marxe dereito)

ZONAS DE ESTACIONAMENTO REGULADO CON LIMITACIÓN DE 30 MINUTOS

- Avenida da Constitución, nos entronques cas rúas Dereitos Humanos, Fernández Mato, Severo Ochoa, Norberto Pijuán, Robustiano Pérez del Río, Raimundo García Domínguez "Borobó", Francisco del Río Romero e Salvador Allende (carril Sur)
- Rúa Principal, nos entronques cas rúas Cruceiro (Camiño Real), Dereitos Humanos, Norberto Pijuán, Bao, Poeta Manuel María e Avda. de Compostela.
- Entronque das Rúas Estatuto de Galicia e Dereitos Humanos.
- Rúa Norberto Pijuán, entronque Rúa Estatuto de Galicia.
- Rúa Robustiano Pérez del Río, entronque Rúa Santos Mieites.
- Rúa Poeta Manuel María, entronque coa Rúa Principal.
- Avda. de Compostela, entronque Rúa Espadañal.
- Cimadevila.
- Praza do Lorcho e Bandaorrío, Cado de Cruz
- Agramuñña, Escarabote

En Boiro a 25 de marzo de 2024.

O Alcalde.

José Ramón Romero García.

2024/2425